



L22022019 - Territorio, patrimonio e comunidade. Educando no rural desde a Rede Museística Provincial de Lugo.

L2202019 Territorio, patrimonio e comunidade. Educando no rural desde a Rede Museística Provincial de Lugo

3, 5, 24 e 25 de maio de 2023

Total horas presenciais : 16 h

A Rede Museística defende o museo social, sostible, igualitario e inclusivo. Promove os museos sempre en construción como espazos socioafectivos, lugares de vida e de convivencia para todas as persoas. Así pois, considéranse os museos como axentes de transformación social a través da educación e para conseguilo hai que dialogar coa comunidade, poñer as persoas no centro e darlles voz.

Esta necesidade queda recollida na LOMLOE no artigo 82 "Igualdade de oportunidades no ámbito rural" onde se indica: "As administracións educativas prestarán especial atención aos centros educativos no ámbito rural, considerando as peculiaridades do seu entorno educativo e a necesidade de favorecer a permanencia no sistema educativo do alumnado das zonas rurais máis alá da ensinanza básica. A tal efecto, as administracións educativas terán en conta o carácter específico da escola rural proporcionándolle os medios e sistemas organizativos necesarios para atender a súas necesidades particulares e garantir a igualdade de oportunidades".

Por todo o anterior, consideramos imprescindible reforzar os vínculos dos museos da Rede Museística coa comunidade educativa e ofrecer un plan de formación que axude a cumprir o obxectivo de que o profesorado conte cunha formación específica para a educación nos territorios rurais.

PROGRAMA

1ª xornada: 3 de maio de 2023

Lugar: Museo Provincial de Lugo

16:00-16:15h.- Presentación das xornadas e entrega de material.

16:15-17:30h.- *A escola imaxinada. Unha pedagogía creativa do lugar*, por **Salvador Cidrás** e **Vicente Blanco**, artistas plásticos, profesores da área de Expresión Plástica da Universidade de Santiago de Compostela na Facultade de Formación de Profesorado de Lugo e promotores do grupo de innovación educativa Escola Imaxinada.

17:30-18:15h.- *Escola rural: soño ou realidade*, por **Alejandro González Méndez**, mestre de Ensino Primario e responsable do CEIP Eduardo Cela Vila de Triacastela e **Noelia Pillado Fraga**, mestra de Ensino Primario e responsable do CEIP de Samos.

18:15-18:45h.- Descanso

18:45-20:00h.- *Introdución á programación escolar do MPL a través de casos prácticos*, a cargo dos auxiliares de sala dos departamentos de Didáctica e Atención ao Visitante da RMPL.

2ª xornada: 5 de maio de 2023

Lugar: Museo Fortaleza San Paio de Narla

16:00-16:30h.- Saída de Lugo e viaxe ao Museo Fortaleza San Paio de Narla

16:45-18:00h.- *A educación patrimonial centrada nos vínculos*, por **Olaia Fontal Merillas**, doutora en Ciencias da Educación pola Universidade Oviedo, directora do Observatorio de Educación Patrimonial en España.

18:00-19:00h.- *A programación escolar do Museo Fortaleza San Paio de Narla*, a cargo dos auxiliares de sala da RMPL.

19:00-20:30h.- Debate e clausura

20:45h.- Regreso a Lugo.

3ª xornada: 24 de maio de 2023.

Lugar: Museo Pazo de Tor

16:00-16:45h.- Saída de Lugo e viaxe ao Museo Pazo de Tor

16:45-17:30h.- por **Ana Estévez Lavandeira**, responsable de Educación e Acción Cultural do Museo Pobo Galego.

17:30-17:45h.-Descanso

17:45-19:00h.- *A programación escolar do Museo Pazo de Tor*, a cargo dos auxiliares de sala da RMPL.

19:00-19:45h.- Debate e clausura

20:45h.- Regreso a Lugo.

4ª xornada: 25 de maio de 2023

Lugar: Museo Pazo de Tor

16:00-16:45h.- Saída de Lugo e viaxe ao Museo Pazo de Tor

16:45-17:30h.- *Educación para a utopía*, por **Gemma Carbó**, doutora en Ciencias da Educación, directora do Museu Vida Rural da Fundación Carulla (L'Espluga de Francolí, Tarragona) e presidenta de INTERARTS.

17:30-17:45h.- Descanso

17:45-19:00h.- *A programación escolar do Museo Provincial do Mar*, a cargo dos auxiliares de sala da RMPL.

19:00- 19:45h.- Debate e clausura

20:45h.- Viaxe de clausura

*Ofertarase autobús para o desprazamento aos museos de fóra de Lugo.

Enviarase correo da localización do lugar de saída.

As persoas que confirmen e desexen utilizar dito autobús **deberán enviar un correo indicando que se vai utilizar** a esta dirección:

cfr.lugo.linguisticosocial@edu.xunta.gal

Máis información no curso creado na aula virtual do CFR:

1. Entrar na web do CFR de Lugo.
2. Pulsar en Aula virtual.
3. Pulsar na categoría Área Lingüística e Social.

4. Entrar no curso: [L2202019 -Territorio, patrimonio e comunidade. Educando no rural desde a Rede Museística Provincial de Lugo.](#)

Ou ben directamente a través da seguinte ligazón:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/cfrlugo/aulavirtual/course/view.php?id=1331>

Para calquera consulta:

Marta Arias López

cfr.lugo.linguisticosocial@edu.xunta.gal